

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA

Lugar: Reunión telemática mediante aplicación MS Teams

Data e hora: 15 de Setembro de 2023, 11:00

Asistentes:

Rodil Rodríguez María del Rosario (USC), Coordinadora Interuniversitaria
Moreda Piñeiro, Antonio (USC) Vogal
Ramil Criado, María (USC), Vogal
Álvarez Rodríguez, Rosana (UVigo), Secretaria UVigo
Carballo Rial, Rosa (UVigo) Vogal
Bendicho Hernández, Carlos (UVigo) Vogal
Peña Gallego, María de los Ángeles (UVigo) Vogal
Vaz Araújo, Belén (UVigo), Coordinadora Local

Desculpan asistencia:

Labisbal Viqueira, María Elena (USC) Vogal
Sánchez Pedregal, Víctor Manuel (USC), Secretario
Fernández Rodríguez, Berta (USC) Vogal

Ausentes:

Vázquez Sentís, Marco Eugenio (USC) Vogal
Sanmartín Matalobos, Jesús (USC), vogal

Orde do día:

- 1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior
- 2- Altas e baixas na CAPD
- 3- Altas e baixas no panel de profesorado do PD
- 4- Aprobación se procede do documento de indicacións para a inclusión na tese de contido republicado
- 5- Aprobación se procede do acordo sobre o número de conferencias dentro da actividade "Avances recentes en Química"
- 6- Informe segundas prórrogas
- 7- Avaliación anual 22/23
- 8- Admisión 23/24
- 9- Informe da coordinación

Deliberación e acordos:

Comeza a reunión ás 11:00 horas. Actúa como secretaria accidental D^a Belén Vaz Araújo debido a ausencia do secretario da comisión.

1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior

Acta do 13/02/2023. **Aprobar**

2- Altas e baixas na CAPD.

Na USC dase de baixa ao profesor Eugenio Vázquez Sentís (Área de Química Orgánica). No seu lugar dase de alta ao profesor Félix Freire Iribarne (Área de Química Orgánica).

3- Altas e baixas no panel de profesorado do PD.

Na UVIGO incorpórase o Investigador Ramón y Cajal: Ramón Novoa Carballal.

O profesor Yagamare Fall Diop, profesor recentemente xubilado da UVigo, presentou alegacións á súa solicitude (inicialmente denegada) de Profesor Emérito. Queda polo tanto a súa baixa condicionada á resolución destas alegacións.

Na USC incorpóranse os profesores Maria Joao Correia y Rebeca García Fandiño e é baixa a petición propia o profesor Ricardo Alonso Alonso.

4- Aprobación se procede do documento de indicacións para a inclusión na tese de contido prepublicado.

A coordinadora informou da importancia de indicar de forma separada ás publicacións (revisadas previamente por pares) derivadas do traballo de tese doutoral de contidos prepublicados (*pre-prints*) baixo epígrafes diferenciados na memoria de tese.

Para aclarar este tema, redactouse un documento con estas indicacións, para que se teñan en conta á hora de presentar a memoria final de tese. No caso de pre-prints, como ocorre coas publicacións revisadas por pares, é necesario contar co permiso dos autores para incluílos na tese de doutoramento. (Axúntase documento no Anexo I). **Apróbase a proposta.**

5- Aprobación se procede do acordo sobre o número de conferencias dentro da actividade “Avances recentes en Química”

A coordinadora informou sobre a proposta de adaptar o número de conferencias que debe atender o alumnado do PD de forma anual, en función da súa dedicación completa ou parcial. Tamén aplicable ao caso de posibles baixas temporais do alumnado.

Nesta proposta considérase a menor disposición temporal do estudantado a tempo parcial, e corríxese o número de conferencias obrigatorias seguindo unha fórmula que ten en conta o número de meses de dedicación completa e parcial. (Axúntase proposta no Anexo II). **Apróbase a proposta.**

6- Informe de segundas prórrogas

Na USC aprobáronse 17 segundas prórrogas, sendo as alegacións para solicitala a de dispoñer do tempo necesario para elaborar a memoria final, rematar o traballo de investigación, preparación de manuscritos, etc.

Na UVigo aprobouse unha única segunda prórrogas, solicitada tamén para terminar o traballo de investigación e escribir a memoria da tese doutoral.

O listado das prorrogas concedidas queda recollido no Anexo III.

7- Avaliación anual

Estudantes USC: o número total de estudantes na USC e de 100. Deste número:

- 1 alumno queda exento por ter depositado a tese moi recentemente;
- 1 alumno estivo de baixa todo o curso, e non corresponde a avaliación
- 85 acadaron a avaliación positiva da CAPD por cumprir todos os requisitos
- 3 estudantes acadarán a avaliación positiva unha vez presenten o plan de investigación ou o teñan corrixido despois da súa revisión na actividade de seguimento.
- 10 acadaron unha avaliación desfavorable: 2 abandonaron o PD e non incluíron actividades, 2 non incluíron actividades no seu documento de actividades, e 6 presentaron 6 conferencias asistidas pero non están debidamente xustificadas. Se lles dará un prazo de 10 días para xustificalas correctamente.

Estudantes UVigo. Avalíanse 13 estudantes, 3 de eles solicitan a avaliación do primeiro ano de doutoramento que quedara sen avaliar. Polo tanto estes estudantes son avaliados para o curso 21/22 e 22/23. Quedan sen avaliar dúas estudantes de doutoramento que se incorporaron no segundo período de matrícula e non solicitaron a avaliación de este primeiro ano (opcional).

As avaliación quedan recollidas no Anexo IV.

8- Admisión 23/24

Na USC hai 25 solicitudes:

- 21 cumpren os requisitos e aportaron a documentación necesaria, aportando tamén o compromiso para a titorización e dirección da tese. **Son admitidos**
- 1 estudante presenta o compromiso para a titorización e dirección da tese pero na actualidade está pendente da defensa do seu TFM para finalizar o Mestrado. Queda pendente a súa admisión para o resultado do TFM, nun prazo de 10 días.
- 2 estudantes non teñen a titulación necesaria para acceder ao programa, non se adscriben a unha liña de investigación e non teñen o compromiso de dirección.
- 1 non presenta ningunha documentación.

Resumindo: 21 admitidos e 4 denegados (pendentes de subsanación)

Na UVigo hai 3 solicitudes:

- 2 cumpren os requisitos e aportaron a documentación necesaria, aportando tamén o compromiso para a titorización e dirección da tese. **Son admitidos**
- 1 non presenta ningunha documentación. Non admitido.

O listado queda recollido no Anexo V.

9- Informe da coordinación

Tivemos unha reunión de coordinación (13/06/23) onde decidimos convocar unha única reunión interuniversitaria en setembro para facer as avaliacións anuais e as admisións do curso 23/24. Outros temas a tratar serían:

- Informe das segundas prórrogas aprobadas en UVigo e USC
- Altas e baixas no Profesorado no PD.
- Altas e baixas na CAPD.

Ademais a coordinadora informa sobre o novo Real Decreto 576/2023, do 4 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

Os novos estudantes admitidos neste curso 23/24 seguirán este novo real decreto, mentres que os que continúan os estudos de doutoramento seguirán o anterior real decreto.

As tres universidades galegas están preparando un novo documento de forma conxunta para o Regulamento de Estudos de Doutoramento nas tres Universidades, que podería estar finalizado para este outono. Adicionalmente, e como consecuencia de ese novo Real Decreto, todos os Programas de Doutoramento terán que sufrir modificacións para adaptarse ás novas directrices, antes do curso 24/25. Polo tanto o noso PD tamén terá que ser modificado e actualizado neste curso.

Á pregunta de cales son as modificacións mais salientables que introduce este novo real decreto, a coordinadora informou que:

- A duración da tese, que pasa a ser de 4 anos + 1 única prórroga posible
- Debe detallarse un plan de investigación e un plan formativo ao inicio do doutoramento
- O documento de actividades vai estar dispoñible para o tribunal da tese, e será valorado por este tribunal
- Requiriranse 2 informes externos para todas as teses, onde as correccións aportadas deberán incluírse na memoria final da tese
- Para a admisión nun PD, é necesario contar co aval dun director de tese.

(A información detallada está recollida no Real Decreto 576/2023 do 4 de xullo)

Sen mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:50 horas, da cal estendo esta acta como secretario.

O secretario

Víctor M. Sánchez Pedregal

Visto e prace,

A presidenta da comisión

M^a Rosario Rodil Rodríguez